



Contra o capitalismo e o patriarcado:

FEMINISMO sem tréguas!



Chega un novo Día Internacional das Mulleres e desta volta, ademais do noso submetimento histórico, como feministas conscientes e rebeldes temos que continuar a denunciar a precariedade na que sempre nos obrigou a vivir o sistema capitalista, as medidas anti-sociais dos gobernos estatal e autonómico e o seu impacto nas mulleres.

Medidas regresivas como a Reforma Laboral ou das Pensións están a afetar toda a clase traballadora, mas somos as mulleres as que estamos a sufrir unha taxa máis elevada de desemprego, as que acumulamos a maior parte dos contratos a tempo parcial, as que temos uns salários máis baixos e as que nos responsabilizamos en maior medida das cargas familiares. Os gobernos, con a implantación das políticas de austeridade dirixidas especialmente cara os recortes en servizos públicos, están a transferir as súas obrigas de protección social ás familias, e especialmente ás mulleres, o que supón pasos atrás nos avances que fomos conquistando e contribuí a incrementar a nosa precariedade e a fomentar a dependencia.

Mais nom é apenas un problema de diminución das políticas sociais, mas también o aumento de toda unha serie de políticas e discursos en contra das nosas liberdades sexuais e reprodutivas. Assim, feitos gravísimos como a eliminación de organismos da importancia do Servizo Galego de Igualdade, o desmantelamento dos Centros de orientación afectivo-sexual ou as travas para acceder a métodos anticonceptivos virom-se acompañadas por unha retrógrada reforma da Lei do Aborto e a imposición dunha Lei de familia baseada na familia heterosexual tradicional e que pretende relegar a muller ao rol tradicional de cuidadora que procura, sob a desculpa da protección a familia, que as moças nom podamos fazer uso do noso dereito a decidir libre e informadamente sobre a maternidade. Este tipo de leis só reforçan os piares do patriarcado e só cabe combaté-las, pois nom imos permitir que nos roubem os dereitos que as feministas ao longo da historia fôrom conseguindo por meio da luta e o activismo.

Temos a certeza de que a justiça social só se acadará combatendo permanentemente contra o sistema patriarcal e com a luta diaria na construción dunha alternativa socialista a este sistema. Saudamos a todas as mulleres que na Galiza están lutando polos seus dereitos nas ruas, nas organizacións políticas, sociais ou nos sindicatos. Comprometemos-nos a seguir fortalecendo a mobilización social e o protagonismo que as mulleres devem ter na construción de un país igualitário, justo e solidário, libre de dominacións e exclusións.

Contra a precariedade à que nos submete o sistema capitalista e o Estado Español, as moças nacionalistas reagimos contra as súas agresións e traballamos desde o feminismo por un futuro alternativo!